

2019/20

**IES FERNANDO
WIRTZ**

PROXECTO LECTOR

1.-XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO	3
2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO	4
Análise do centro educativo	4
Prácticas lectoras-escritoras do alumnado	7
Análise das metodoloxías empregadas	9
Recursos materiais: A situación da Biblioteca Escolar	11
Necesidades de formación do profesorado neste ámbito	13
3.- OBXECTIVOS, E ORGANIZACIÓN	14
Obxectivos	14
Coordinación do proxecto	15
A biblioteca escolar como recurso imprescindible	16
4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO POLO CENTRO RELACIONADAS CO FOMENTO DA LECTURA E A ORGANIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA	21
5.- INTERVENCIÓNS QUE COMPRE SISTEMATIZAR	23
6.- CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN	28
Análise a avaliación da situación lectora dos alumnos e dos seus progresos	28
Análise e avaliación da situación lectora do centro	29
Avaliación do plan de uso da Biblioteca	30
Avaliación do proxecto lector e dos plans anuais de lectura	30

1.-XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O punto de partida deste proxecto foi a necesidade de elaborar para as etapas do ensino obrigatorio, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura, a escritura e á adquisición das competencias básicas, segundo recolle a Lei Orgánica 2/2006 de educación e a súa concreción para a Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 133/2007 do 5 de xullo (DOG 13/07/07).

Entendemos que este traballo debe ser resultado dunha reflexión conxunta de todo o profesorado do centro, polo que o noso obxectivo é o de realizar un proxecto realista e operativo que sirva para coordinar todas as tarefas que xa se veñen realizando polo distintos departamentos e seminarios, e recoller a súa vez as novas iniciativas que se propoñan dende as diferentes áreas, co fin de realizar un traballo coherente e de calidade.

Por outra banda cremos que este é un proxecto vivo que irá adaptándose as novas necesidades e problemáticas que atopemos no noso centro e cos nosos alumnos.

2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO

Análise do centro educativo

I.E.S.	Fernando	Wirtz	Suárez	Telefono:	881	960	260
Rúa	Caballeros,		1	Fax:	881	960	265
15006 - A CORUÑA. ESPAÑA				ies.fernando.wirtz@edu.xunta.es			

O IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ, é un instituto que se atopa no que foi anteriormente a Escola de Mestría (antiga Escola Elemental de Traballo). O edificio data do ano 1928, e é un proxecto realizado por P. Mariño, que posteriormente refinaría Eduardo Rodríguez Losada.

O conxunto urbanístico conforma un todo co CEIP “Concepción Arenal” delimitado polas rúas Cabaleiros, Castro Chané, Marqués de Amboage e Nosa Señora do Perpetuo Socorro, repartidos en tres bloques e un patio de recreo , onde se construíu un Ximnasio que se comparte polos dous centros educativos.

A falta de espazos é o maior inconveniente para un desenvolvemento pleno das actividades docentes e complementarias. Aínda que esta carencia foi paliada en parte pola construción do ximnasio, a falta de instalacións deportivas e de espazos de lecer, seguen a ser un dos atrancos mais evidentes, atrancos que se poñen de relevancia pola situación do edificio, xa que se encontra na Avda. de Alfonso Molina, unha das rúas de mais alta densidade de tráfico da cidade. Este problema da falla de instalacións deportivas adecuadas, e de espazos de lecer, fai aumentar

a “problemática de convivencia” entre os distintos estamentos da comunidade educativa.

O IES Fernando Wirtz, é un centro de titularidade pública con réxime ordinario e de adultos, no que se imparten clases dende as 8:30 ata as 14:50 e dende as 16:00 ata as 22:30 horas, acollendo os seguintes niveis educativos:

CICLOS FORMATIVOS:

CICLOS FORMATIVOS DE GRADO MEDIO:

- Sistemas microinformáticos e redes
- Xestión administrativa

CICLOS FORMATIVOS DE GRADO SUPERIOR:

- Administración de sistemas microinformáticos e rede
- Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma
- Desenvolvemento de aplicacións web
- Administración e finanzas
- Asistencia a dirección

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA: Informática e Comunicacions

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

BACHARELATO

- Ciencias
- Humanidades e ciencias sociais

No centro desenvolven a súa labor os seguintes colectivos:

- Persoal docente: 105, nunha porcentaxe bastante elevada con destino definitivo
- Persoal non docente:
 - a. 3 administrativas
 - b. 3 limpadoras
 - c. 5 subalternos
 - d. 1 auxiliar de conversa

Neste momento contamos con aproximadamente 1.300 alumnos matriculados no centro.

En canto aos espazos e recursos materiais cos que contamos podemos facer mención dos seguintes: dez aulas de informática cunha media de 20 equipos en cada unha (6 aulas técnicas para a familia profesional de informática, 3 aulas técnicas para a familia de administración, 1 aula para o bacharelato y ESO). Todas elas dispoñen de conexión en rede e WIFI con acceso a internet. Rede informática de “administración”, biblioteca e sala de profesores, conectadas en rede e con acceso a internet. Laboratorios de física, química e ciencias naturais, aula taller para ciclos de informática y que comparte tecnoloxía da ESO , aula de educación plástica e visual, biblioteca, ximnasio, sala de usos múltiples con dotación de son e multimedia (vídeo VHS, Vídeo proxector...), e 4 aulas ABALAR en 1º e 2º de ESO.

Prácticas lectoras-escritoras do alumnado

Para traballar este contido, elaboramos un cuestionario que foi entregado ao alumnado da ESO, co obxectivo de detectar as carencias ou aspectos nos que era necesario mellorar e traballar, para facer realidade o noso proxecto. As conclusións extraídas deste cuestionarios de avaliación foron as seguintes:

- **Prácticas lectoras no ámbito familiar:**

En xeral podemos dicir que aproximadamente ao redor dun 50% dos pais/nais teñen hábitos lectores. Sen embargo, non é tan habitual que acompañen aos seus fillos/as ás librarías, nin que lles compren libros con regularidade.

Por outra banda, unha porcentaxe moi elevada, cerca do 90% dos enquisados, afirma que nas súas casas hai libros de lectura que son adecuados a súa idade, dato este que nos parece positivo.

- **Prácticas lectoras na escola:**

Con respecto a escola, que é o ámbito que máis nos afecta por ter máis capacidade de actuación, obtemos as seguintes conclusións:

- Case todas as de aulas contan cunha pequena sección documental especialmente dicionarios, atlas, mapas, algún libro de lectura (nas aulas da ESO)...
- O alumnado recoñece que a maioría das recomendacións de lectura as reciben nas materias de lingua (castelán, galego, inglés e francés), e que as recomendacións de consulta, ademais de nestas áreas, tamén en filosofía e ciencias sociais.

-
- Para orientarse na elección das súas lecturas acostuman pedir suxestións as amizades, ou utilizan como medio de orientación internet antes que a Biblioteca.
 - Moitos dos nosos alumnos e alumnas acoden con regularidade ás Bibliotecas Públicas.
 - O tipo de lecturas que prefiren son maioritariamente de literatura xuvenil e cómics
 - Ao redor dun 50% gústalles ler, e dedícanlle entre 1 e 3 horas diarias.
 - Tamén na súa maioría son usuarios/as diarios de internet. Utilizan esta ferramenta para navegar por páxinas web, descargar arquivos de música, películas, xogos, sms...
- **Hábitos de escritura:**
 - Moitos alumnos /as recoñecen que lles gusta escribir. Aínda que algúns optan por facer relatos ou poemas, a gran maioría prefire cartas e correos. A participación nos concursos literarios do centro é bastante elevada

- **Actividades de comprensión lectora e utilización de fontes de información**
 - Nunha porcentaxe bastante alta (75% aprox.) o profesorado traballa na aula os seguintes aspectos:
 - Lectura en voz alta
 - Confección de mapas conceptuais e esquemas
 - Resumos de textos
 - Utilización na aula de lecturas complementarias ao libro de texto.

 - Tamén moito do alumnado recoñece que realiza actividades de clase utilizando fundamentalmente recursos electrónicos de internet, e que en menor medida usan libros de referencia e consulta (enciclopedias, dicionarios, revistas, prensa...) para realizar os seus traballos. Moitas desta consultas fanas na Biblioteca Escolar ben sexa utilizando o material documental ou internet.

 - Na súa maioría manifestan que realizan bastantes actividades de exposición oral dentro da aula.

 - Por outra banda moitos alumnos recoñecen que teñen dificultades para comprender o que len

Co obxectivo de traballar este bloque de contidos, pasamos tamén un cuestionario tipo a todo o profesorado da ESO, e obtivemos os seguintes resultados:

Intervención didáctica

- Con respecto a súa intervención na aula, podemos concluír que na súa gran maioría realizan as seguintes actividades :
 - Confección de mapas conceptuais ou esquemas
 - Elaboración de resumos
 - Utilización de lecturas complementarias ao libro de texto
 - Utilización de recursos electrónicos
 - Corrección aos seus alumnos da comprensión e expresión escrita
 - Lectura en voz alta

- Un 60% aproximadamente dos consultados tamén usa como recursos para mellorar as capacidades lectoras e escritoras dos alumnos as seguintes:
 - Recomendacións de lecturas complementarias ao libro de texto (fundamentalmente nas áreas de lingua , ciencias sociais e naturais e filosofía)
 - Actividades con libros de consulta ou revistas
 - Traballos para mellorar as habilidades de uso de información
 - Traballos documentais utilizando múltiples fontes
 - Traballos de documentación e reflexión tras unha actividade complementaria

- Elaboración de guións e traballos sobre o material audiovisual utilizado na clase
- Corrección aos seus alumnos de aspectos relacionados coa busca de información e o traballo documental.
- Promoción lectora dos recursos da biblioteca
- Elaboración de actividades de exposición oral
- Elaboración de glosarios específicos da súa área
- Elaboración de proxectos documentais e de investigación utilizando os recursos bibliotecarios

Recursos materiais: A situación da Biblioteca Escolar

A nosa biblioteca está situada na primeira planta do edificio principal a carón da sala de profesores. É un espazo non moi amplo que conta cun andar que foi habilitado para o acceso dos alumnos dende a nosa incorporación ao Plambe

En canto ao mobiliario e material informático conta co seguinte:

- 10 mesas grandes de 4 prazas cada unha coas súas cadeiras na planta baixa
- 2 mesas de 3 prazas cada unha no 1º andar
- unha mesa de traballo grupal no 1º andar con aproximadamente 10/12 postos
- Mesa de recepción para o profesor que atende a sala
- Cinco postos de ordenador, un para a xestión da biblioteca e catro para uso do alumnado. Todos contan con conexión a internet

- 3 Dvds gravadores portátiles
- 5 tabletas
- 16 estantes na planta principal, e un moble para o material audiovisual
- 17 armarios no andar para libros, e 2 estantes para vídeos
- Taboleiro de anuncios
- Un expositor de novidades e dous mobles de exposición

Con respecto aos fondos, a nosa biblioteca conta con aproximadamente 16.500 exemplares na súa maioría libros. Dende o curso 2010/11 levamos adiante un importante expurgo dos materiais que non son utilizados por ningún membro da comunidade educativa, ben por non ser de interese, ben por estar obsoletos, polo que os nosos fondos son cada vez máis adecuados á Biblioteca escolar.

Todos os fondos están catalogados no programa Meiga.

En canto ao funcionamento: a nosa biblioteca está aberta durante o período lectivo de 8:30 a 14:50, pola mañá , e de 17:10 a 22:30, pola tarde. Durante este horario sempre hai un profesor de garda para atender o servizo de préstamo.

Calquera profesor/a pode acudir á mesma co seu grupo de alumnos para realizar consultas ou outro tipo de actividades que requiran a utilización dos fondos.

O servizo de préstamo esta informatizado, e os alumnos poden dispoñer dun máximo de 2 libros durante 15 días.

Dende a nosa incorporación ao Plambe e a constitución dun grupo permanente de traballo na Biblioteca, esta mellorou dunha maneira moi

importante como centro de recursos e de consulta por parte dos alumnos. A Biblioteca é agora un dos espazos mellor considerados no centro e é utilizada de maneira habitual polos alumnos (especialmente nos recreos) e profesores.

Levamos a cabo moitas actividades vinculadas á Biblioteca coa colaboración doutros departamentos o que aumentou a súa visibilidade dentro da comunidade educativa.

Necesidades de formación do profesorado neste ámbito

Aínda que contamos cun equipo de profesores con experiencia na animación á lectura, unha gran maioría recoñece que ten falta de formación en aspectos tan importantes como son: o uso didáctico da Biblioteca, ou o traballo para mellorar a comprensión lectora dos seus alumnos. Neste senso recolleamos aquí algunha das propostas do profesorado para mellorar este aspecto:

- Necesidade de actividades de formación do profesorado para mellorar neste campo
- Coordinación dentro de cada un dos departamentos
- Coordinación interdepartamental
- Realización de actividades que sexan de interese común e que relacionen os distintos saberes

Polo xeral, temos que dicir que os profesores quéixanse da falta de horas para realizar actividades lectoras dentro da aula.

3.- OBXECTIVOS, E ORGANIZACIÓN

Concibimos o noso proxecto lector como un documento integrado no Proxecto Educativo de Centro, co obxectivo de que sexa un referente para apoiar todas as actuacións dirixidas a potenciar as capacidades lectoras e escritoras dos nosos alumnos e de estender o traballo de competencia lingüística ás áreas e materias impartidas por outros departamentos.

Pretendemos asemade que o Proxecto Lector do centro sirva de marco para os Planos Anuais de Lectura que serán parte relevante dentro do Plan Anual do Centro.

Obxectivos

Os obxectivos que pretendemos acadar coa posta en marcha do noso proxecto lector son os seguintes:

- Elaborar actividades de intervención precisas para conseguir os seguintes obxectivos:
 - Desenvolver a competencia lectora e escritora
 - Incrementar a competencia lingüística nas dúas linguas de uso
 - Favorecer a competencia literaria
 - Educar no uso crítico da información
 - Fomentar o hábito da lectura
 - Apoiar a adquisición das competencias básicas
 - Procurar tempos e espazos para a lectura e escritura como fontes de pracer.

- Garantir un tempo de lectura en todas as áreas e materias de todos os cursos de secundaria
- Establecer uns criterios comúns para todas as áreas que despois, se adaptarán aos distintos departamentos didácticos encargados de elaborar obxectivos, contidos e actividades concretas de lectura.
- Promover o uso da Biblioteca como recurso imprescindible para o noso proxecto, e como factor de compensación social
- Elaborar un plan de actividades de animación á lectura e dinamización da biblioteca que sexa revisable anualmente, en función das necesidades e recursos cos que conte o centro, a través dos Plans anuais de lectura.

Coordinación do proxecto

A persoa coordinadora do proxecto será a responsable da Biblioteca xunto cun membro da dirección, e terá como compoñentes a algún representante de cada un dos Departamentos, ao coordinador do Equipo de normalización Lingüística e ao Orientador. Para que o noso proxecto sexa vivo, a nosa proposta é a de crear cada ano un GRUPO LECTOR , que será encargado da revisión e modificación do proxecto e de recoller as propostas e traballos dos seus compañeiros de Departamento.

O centro, dentro da marxe que permita a lexislación e as necesidades dos Departamentos, compensará nos seus horarios o tempo dedicado á participación no Grupo Lector

Este grupo realizará reunións mensuais, co obxectivo de realizar actuacións conxuntas e establecer estratexias de colaboración para aproveitar mellor os recursos materiais e humanos dos que dispón o centro.

As súas funcións básicas serán as seguintes:

- Diseñar plans anuais de lectura e colaborar na posta en marcha das actuacións neles contempladas
- Realización da avaliacións iniciais e finais dos plans de lectura
- Avaliar o proxecto lector do centro
- Propoñer as modificacións que se consideren adecuadas

A composición deste grupo no curso 2019/20 é a cargo dos seguintes profesores:

- Marta Iglesias: departamento de FOL e responsable da Biblioteca Escolar
- Loli Carril: departamento de lingua castelá
- Carlos Carballo: departamento de Economía
- Javier Anta : Departamento de grego

Colaboradores

- Juan Mayor: Departamento de bioloxía-xeoloxía
- María Fariña (departamento de francés)
- Emma García (departamento de inglés)

Co obxectivo de mellorar a biblioteca o grupo de traballo adoptou unha serie de medidas organizativas que recollemos a continuación:

- **Accións encamiñadas a garantir a dispoñibilidade dos documentos:**

- Realizar unha organización material distinta da biblioteca, optimizando os nosos recursos, para que resulte máis atractiva a todos os seus usuarios.

A nosa proposta comezou a levarse a cabo no curso 2008/09 e consta de varias accións, moitas delas xa conseguidas e consolidadas:

- Habilitar unha zona de lectura e traballo no andar da Biblioteca: Este espazo que leva funcionando dous cursos é o punto de encontro dos clubs de lectura, e un espazo axeitado para realizar actividades e traballos grupais. Neste curso tamén pasará a ter unha zona para o maker
 - Cambiar a disposición dos fondos: Na planta baixa da biblioteca dispoñemos os fondos que se prestan máis habitualmente (libros de lectura, enciclopedias, dicionarios...), deixando na zona alta as principais obras de consulta das distintas materias.
 - Crear un espazo de lectura e prensa na primeira planta
- Consolidar un grupo de profesores/as que teñan interese en colaborar na biblioteca, e que conten con horas dispoñibles a este fin no seu horario. Todos os membros deste equipo recibirán información da utilización do noso programa de préstamo Meiga, e comprometeranse a realizar traballos de mellora da biblioteca. (colocar os fondos, etiquetar, forrar...)

- Adaptar a catalogación dos libros á CDU, utilizando un criterio que sexa adecuado ás necesidades da nosa biblioteca
- Etiquetar de novo os fondos unha vez estean adaptados á nova clasificación. Este proceso comezou no curso 2010 e está xa case rematado
- **Accións encamiñadas a equilibrar os fondos**
 - Realizar un expurgo anual dos fondos que non sexan adecuados ás características da nosa biblioteca. Este expurgo farase citando aos xefes de cada departamento, que serán os encargados de seleccionar as obras que serán eliminadas do fondo.
 - Doar a outras bibliotecas ou aos alumnos aqueles fondo que se encontren en bo estado e que podan ser aproveitados
 - Crear e poñer en funcionamento unha comisión encargada de realizar adquisicións para o biblioteca
 - Priorizar na compra de obras de referencia e información, naquelas áreas que estean menos representadas actualmente.
 - Realizar novas subscricións a revistas xuvenís
 - Solicitar un presuposto anual para a biblioteca, para poder facer unha compra de fondos e materiais organizada e planificada.

- Ampliar os fondos de literatura xuvenil, que é a máis demandada polos alumnos.

- **Iniciativas para difundir os fondos e facer que circulen polo centro escolar**
 - Difundir as condicións do préstamo que se aplicarán aos distintos usuarios da biblioteca

 - Elaborar unha guía da biblioteca e facela chegar a todos os membros da comunidade educativa (alumnos, profesorado e pais)

 - Utilizar a web do instituto para difundir o catálogo da biblioteca

 - Colaborar coas bibliotecas municipais para realizar actividades de formación de usuarios

 - Difundir información cultural, deportiva, científica... que sexa adecuada para o noso alumnado, a través de taboleiros de anuncios, boletíns informativos ou do blogue da biblioteca.

 - Crear unha sección dentro da web ou do blogue do centro para dar a coñecer as adquisicións da biblioteca, ou informar sobre obras ou autores de interese

 - Difundir guías de lectura, adecuadas a cada nivel educativo e que establezan recomendacións de todas as áreas

- **Iniciativas para ampliar o uso pedagógico da biblioteca**
 - Desenvolver en común o Proxecto lector e o plan anual lector, vinculándoos ao resto de proxectos do centro.
 - Informar ao profesorado sobre o sistema de organización dos fondos e sobre a adquisición dos mesmos
 - Dar a coñecer aos pais os obxectivos do plan lector e de uso da biblioteca e solicitar a súa colaboración
 - Aumentar o número de ordenadores con conexión a internet da biblioteca
 - Evitar o uso da biblioteca para actividades que non implique o uso dos seus recursos (gardas, castigos, exames...)
 - Avaliar o servizo da biblioteca por medio da análise e difusión dunha estatística de préstamos, enquisas, e pola revisión periódica por parte do equipo de profesores colaboradores na súa xestión

4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO POLO CENTRO RELACIONADAS CO FOMENTO DA LECTURA E A ORGANIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

Algunhas das actividades de fomento á lectura e dinamización da Biblioteca realizadas nestes últimos anos foron as seguintes (moitas delas están detalladas máis polo miúdo nas memorias do Plambe)

- Elaboración dun grupo de traballo de “ANIMACIÓN Á LECTURA E MELLORA DE BIBLIOTECA”, que contou co asesoramento do CEFOR, e que deu lugar a un traballo que serviu de punto de partida para o noso Proxecto Lector
- Adquisición por parte da Biblioteca dun número elevado de exemplares durante estes tres últimos cursos de títulos de literatura xuvenil e de outras obras especialmente atractivas para os adolescentes, co fin de que cada grupo clase poda contar con exemplares das lecturas propostas polos distintos departamentos
- Selección de outras obras de interese para os estudantes, co fin de ir aumentando progresivamente a dotación de libros do centro.
- Posta en marcha de varios blogs . www.bibliotecawirtz.blogspot.com
- Nacemento do Club de Lectura. Este club mantívose todos os anos para distintos grupos dende a súa creación
- Exposición de relatos , cómics e poemas

- Elaboración de carteis informativos da actividade da biblioteca e de murais con propostas de lecturas temáticas (libros de viaxes e aventuras, libros relacionados coas matemáticas)
- Creación dun panel de suxestións e comentarios, no que pode participar calquera alumno ou profesor, deixando recomendacións sobre os seus libros favoritos e un comentario ou resumo sobre eles.
- Elaboración de boletíns da biblioteca.
- Asistencia a representacións teatrais.
- Creación dun grupo de teatro dentro do instituto “ MESTRÍA TEATRO”, dirixido polo profesor Carlos Freire
- Celebración de recitais poéticos dentro do centro
- Visita de autores recoñecidos da literatura galega “O AUTOR E A SÚA OBRA”
- Asistencia a concertos e exposicións guiadas
- Organización de exposicións dos traballos realizados polo alumnado en diversas materias
- Concursos literarios. Neste ano tivemos un concurso de relatos en lingua galega e outro en lingua castelá
- Actividades para a conmemoración de datas sinaladas (recollidas na nosa memoria do Plambe 2018/19)
- Actividades para a animación á lectura organizadas polos distintos Departamentos

5.- INTERVENCIÓNS QUE COMPRE SISTEMATIZAR

Orientacións aos departamento para o tratamento da comprensión lectora e do vocabulario específico en todas as áreas da ESO

Consideramos necesario:

- Diagnosticar o nivel lector do alumnado
- Seleccionar lecturas en todas as áreas e para todos os cursos da ESO, tendo en conta os diferentes niveis de dificultade nos contidos e no vocabulario
- Coñecer o nivel de comprensión lectora do alumnado co fin de proporcionarlle técnicas de lectura clara e sinxelas que se adapten aos diferentes textos.
- Dedicar un tempo semanal, dentro do horario lectivo do alumnado, á lectura libre no primeiro e segundo ciclo da ESO
- Incluír en todas as materias a lectura de textos non escolares en diversos soportes: prensa diaria, revistas especializadas, enciclopedias, internet, libros de consulta da biblioteca...Sería recomendable establecer mecanismos que garantan a comprensión de ditos textos, mediante a utilización de dicionarios e a realización de esquemas ou resumos. Estas actividades faranse preferentemente na biblioteca escolar
- Elaborar glosarios dos termos fundamentais de cada materia para favorecer a comprensión dos contidos. Estes glosarios deberán ser elaborados polos alumnos utilizando definicións claras e sinxelas. Na

- medida do posible traballarase a orixe etimolóxica dos termos co fin de facilitar a ampliación do léxico e a relación entre os coñecementos das distintas áreas
- Fomentar a lectura de textos narrativos e expositivos nas linguas estranxeiras
- Fomentar a práctica na aula e fora dela de distintos tipos de lectura: lectura en voz alta, lectura para a busca dunha información concreta, lectura global, lectura para satisfacer a curiosidade, lectura de entretemento.
- Aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca escolar e actualizar os seus fondos

Orientacións para traballar estratexias de información e comunicación:

- Propoñer ao alumnado a elaboración de pequenos traballos de investigación de carácter interdisciplinar utilizando fontes variadas.
- Fomentar o traballo en grupo, co obxectivo de facilitar os intercambios orais e de axudalos a obter unha maior comprensión e interpretación dos textos
- Elaborar presentacións cos traballos de investigación realizados, en soportes variados: presentacións en power point, mapas, monografías, murais, exposicións...
- Preparar exposicións orais sobre os traballos realizados

Orientacións de dinamización cultural

- Seleccionar libros de lecturas para os distintos niveis. Elaborar guías de lectura e difundilas a través dos taboleiros de anuncios, do boletín da biblioteca ou do blogue.
- Realizar comentarios dos libros de ficción lidos e difundilas polos medios anteriores
- Asistir a actividades como: obras de teatro, recitais poéticos, visitas a bibliotecas e librarías, proxección de películas adaptadas a súa idade...
- Elaborar actividades previas e posteriores ás actividades extraescolares para garantir o seu aproveitamento didáctico.
- Asistir a concertos didácticos e exposicións guiadas
- Proxectar películas que teñan contido educativo
- Participar na elaboración de actos conmemorativos en datas sinaladas como: día do libro, día das letra galegas, día da paz, día da muller...
- Organizar concursos literarios, de carteis, fotografía, marcapáxinas... con motivo das distintas efemérides.
- Realizar exposicións anuais, na biblioteca ou na entrada do instituto recollendo os traballos máis interesantes realizados polos alumnos
- Dotar as aulas dunha sección documental
- Procurar a creación de espazos e ambientes para a lectura libre, dentro do centro.

Coordinación e promoción de actividades lectoras nas programacións dos departamentos

Este é sen dúbida un traballo fundamental se queremos mellorar a comprensión lectora e a capacidade de expresión escrita. É tamén a máis complicada pola pouca tradición do traballo en grupo dos centros, e pola autonomía dos docentes na programación das actividades da aula.

Neste campo propoñemos:

- Difundir a existencia, obxectivos e propostas do proxecto lector e dos plans anuais de lectura, mediante reunións co equipo directivo, xefes de departamentos, grupos de profesores, páxina web e blogue do centro...
- Realizar propostas de modificación da estrutura das programacións dos Departamentos, co fin de recoller apartados dedicados ao proxecto lector, no que se contemplan aspectos como: aporte horario da materia á lectura libre e as actividades relacionadas coa lectoescritura, coa súa temporalización
- Realizar propostas de cambios nos obxectivos, metodoloxías, actividades de aula, instrumentos e criterios de avaliación das actividades de traballo lector, aos departamentos non estritamente lingüísticos

Promoción da lectura na casa

A promoción da lectura na casa insistirá na concepción da lectura como fonte de pracer e desenvolvemento persoal. Este traballo basease na colaboración das familias para que faciliten a lectura na casa, o que esixe un contacto do

centro cos pais, ben a través das titorías, das reunións regulamentarias que se fan cos pais dos alumnos ao comezo do curso, de reunións extraordinarias que con este fin se convoquen, de contacto coas asociacións de pais ou por medio da páxina web e do blogue do centro. Por medio destes contactos coas familias o grupo lector tentará acadar un tempo mínimo de lectura na casa para a meirande parte dos alumnos.

O grupo lector tentará tamén enviar os boletíns de novidades ou suxestións de lectura que o centro deseñe en datas sinaladas, e organizar outras actividades de tipo lúdico coas que se pode implicar a familia.

Promoción doutras Bibliotecas

Igual que o anterior, este apartado incidirá na necesidade de entender a lectura como fonte de pracer e desenvolvemento persoal. Cremos necesario que alumno coñeza as Bibliotecas e actividades culturais que lle ofrece o seu entorno, para que teña unha visión da lectura máis ampla e desvinculada do curricular e do ámbito escolar.

6.- CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN

A Avaliación do proxecto lector terá en conta a valoración dos seguintes aspectos:

- Análise e avaliación da situación lectora dos alumnos e dos seus progresos
- Análise e avaliación da situación lectora do centro
- Avaliación do plan de uso da Biblioteca
- Análise e avaliación do proxecto lector e dos plans anuais de lectura.

Análise a avaliación da situación lectora dos alumnos e dos seus progresos

Os plans de lectura anuais tentarán coñecer e promover a reflexión sobre a situación dos alumnos do noso centro nos seguintes aspectos:

- situación dos alumnos cando se incorporan ao centro no campo da competencia lingüística.
- Progreso nas competencias lectoras e escritoras
- Índice de lectura dos alumnos

O proxecto lector favorecerá o coñecemento e a análise destas situacións a través dos seguintes instrumentos:

- Actividades de avaliación inicial realizadas polos departamentos lingüísticos e o Departamento de Orientación
- Outros que se deseñen nos Plans de Lectura anual (enquisas, análise da incidencia das actividades ,realización do probas diagnóstico....)

Por outra banda corresponderá ao profesorado de cada área avaliar:

- as producións dos alumnos derivadas do uso de estratexias de información e comunicación.
- O grado de participación do alumnado en actividades de dinamización cultural

Análise e avaliación da situación lectora do centro

Os plans anuais de lectura tentarán coñecer e promover a reflexión sobre a situación do noso centro nos seguintes aspectos:

- Identificación de logros e dificultades na implantación do proxecto lector do centro
- Análise dos tempos e espazos lectores no centro
- Análise dos recursos materiais do centro para o traballo da lecto escritura
- Dotación e funcionamento da biblioteca
- Reflexión sobre as metodoloxías empregadas en relación ao traballo lecto escritor
- Grao de consecución das actuacións contempladas no Plan Anual de lectura

Os instrumentos a utilizar para avaliar estes aspectos serán:

- Análise do programa lector das materias
- Outros que se deseñen nos plans anuais de lectura

Avaliación do plan de uso da Biblioteca

Corresponderá ao equipo colaborador, baixo a dirección do coordinador do plan.

Basearase na realización de enquisas; no grado de aceptación das propostas polo alumnado, familias e docentes ;na análise das estatísticas de préstamos; na cantidade e calidade das producións dos alumnos a proposta da Biblioteca; e no grado de utilización do todos os recursos por parte dos usuarios potenciais.

Realizarase unha avaliación trimestral e unha memoria anual que serva para adecuar o plan de uso da Biblioteca ás situacións cambiantes e para corrixir os fallos que se detecten no mesmo.

Avaliación do proxecto lector e dos plans anuais de lectura

O grupo lector deseñará as estratexias e instrumentos para avaliar os plans anuais de lectura. As avaliacións realizaranse ao remate de cada trimestre, e os seus resultados serán considerados na elaboracións dos Plans Anuais de lectura do curso seguinte.

Asemade a avaliación dos plans anuais servirán tamén para avaliar o Proxecto lector do centro na procura da mellora permanente deste documento.